# MEMORIA DE CALIDADE

ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL

Curso Académico: 2020/2021

## Índice

1. Introdución ........................................ 2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados ........................................ 3
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade ........................................ 3
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos ........................................ 4
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado ........................................ 6
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos ........................................ 8
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos ........................................ 9
Directriz 6. Información pública ........................................ 11
3. Plan de Melloras do centro ........................................ 12
4. Modificacións nos diferentes títulos ........................................ 18
5. Listaxe de evidencias e indicadores ........................................ 22

## 1. Introdución

O presente documento contén a *Memoria de Calidade* da Escola Universitaria de Traballo para o curso 2020-2021.
A Escola Universitaria de Traballo Social (EUTS), ten a condición de centro adscrito á USC desde 1983, e imparte o Grao en Traballo Social desde o curso 2010-2011. A Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales é a que ostenta a titularidade xurídica da EUTS desde o ano 1999, e está declarada de interese galego e de interese docente pola Xunta de Galicia.

Coa *Memoria de Calidade* remátase o ciclo de calidade anual da EUTS. Nela, dun xeito xeral, faise unha análise do funcionamento do Grao en Traballo Social e os resultados do Sistema de Garantía de Calidade do centro (SGC).

Compre destacar para este curso 2020-2021, no que respecta a calidade, a paralización de moitos procesos, que deixaron suspendidas accións pendentes debido aos codicionantes e restriccións a consecuencia do contexto sociosanitario, e dos procesos derivados da adaptación da loxística aos novos escenarios da docencia e funcionamento do centro.

Cabe destacar tamén o incremento da carga de traballo que persoal e profesorado asumiron no desenvolvemento desta situación, priorizando atenuar o impacto e consecuencias negativas da situación para o alumnado.

A documentación base para o desenvolvemento do SGIC, ademáis da normativa que afecta ao ensino universitario, é:

- Manual propio do SGIC e procesos asociados
- Memoria de Verificación do Tïtulo de Grao en Traballo Social 2017
- Informe final de renovación da acreditación ao título
- Regulamentos propios do centro e da USC
- Plan estratéxico propio
- Acordos dos órganos colexiados do centro (Xunta de Centro, Comisión Delegada de Xunta de Centro, Comisión de Título, Comisión de Calidade e as diversas comisións ad hoc)

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

| Directriz 1. Política e obxectivos de calidade |
|---|
| Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua. |
| Aspectos a contemplar:<br>• A vixencia da Política de Calidade.<br>• A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.<br>• A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.<br>• A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).<br>• No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.<br>• A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.<br>• A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br><br>Respecto aos resultados do SGIC, a adicación que esixiu o pasar da docencia presencial a “en remoto” unido aos condicionantes do contexto sociosanitario, fixo que se relegasen acciones pendentes que, agora ten que retomar a CCC de maneira prioritaria como a elaboración do Manual de Centro dentro do SGIC, e avaliar o Plan Estratéxico 2018-2020 redactando un novo documento, se procede.<br><br>A actividade da CCC ao longo do curso 2020-2021 estivo vinculada aos procesos ordinarios que lle corresponden cada ano académico, como son aprobar a proposta do Informe de Seguimento do curso anterior e a da Memoria de Calidade do mesmo.<br><br>Aprobouse a proposta de Autoinforme de seguimento do curso 2019-2020 na súa reunión de 5 de maio de 2021. O documento elaborouse a partires dos informes remitidos pola Comisión de Título do Grao. Na mesma reunión abordouse a actividade da CCC para o segundo semestre do ano 2021.<br><br>A proposta da Memoria de Calidade da EUTS para o curso 2019-2020, foi elaborada coas aportacións feitas na reunión da CCC celebrada o 20 de maio de 2021.<br><br>Está en proceso a avaliación pormenorizada do Plan Estratéxico 2018-2020, máis unha primeira aproximación ao mesmo permite afirmar que a maioría dos obxectivos se cumpriron en gran medida, polo que se pode valorar de forma altamente satisfactorio o grao de cumprimento a tenor dos resultados.<br><br>A Comisión de Calidade do Centro para realizar a adaptación da memoria, documentos, procesos e procedementos do SGC da EUTS ao novo sistema simplificado da USC, así como o inicio do proceso de elaboración do MINISGIC, estableceu contactos coa Área de calidade da USC para contar coa súa orientación e asesoramento para levalo a cabo. Así como deseñar un novo Plan Estratéxico propio. |

En canto á recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, ademáis dos procedementos establecidos pola USC, o centro dispón de mecanismos que están publicitados na web propia. Apréciase suficiente cobertura neste ámbitom no que destaca a axilidade e facilidade que ten o alumnado para contactar cos responsables das diferentes actividades que se desenvolven na EUTS.

## Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

**Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
    - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacions no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
    - cumprimento de guías docentes;
    - procedementos de coordinación,
    - análise do perfil real de ingreso/egreso,
    - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
    - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2020-2021 o desenvolvemento da docencia se tomamos como referente a memoria de verificación, tivo que modificarse para axustala á regulación da USC tendo como base á normativa autonómica e central para a situación de pandemia. Así o primeiro cuadrimestre desenvolveuse segundo as medidas establecidas no escenario 2, e que estaba recollido nas guías das materias (docencia expositiva e titorías de grupos reducidos en remoto e a docencia interactiva presencial). O segundo cuadrimestre iniciouse en escenario 3 (toda a docencia en remoto as primeiras dúas semanas) para pasar á docencia en escenario 2.

Debido a situación de pandemia nese momento, o primeiro cuadrimestre iniciouse con dúas semanas de demora, e no segundo cuadrimestre aprazouse o inicio 10 días e as súas dúas primeiras semanas a docencia foi non presencial. Esta situación obrigou a facer unha modificación de horarios para incorporar a docencia correspondente as dúas semanas de demora no inicio dos cuadrimestres.

Todas as materias contan con guías docentes a disposición de todo o alumnado no espazo web correspondente. A coordinadora de título, en colaboración cos/as coordinadores/as de curso, ten entre as súas funcións impulsar a revisión das propostas das guías docentes para comprobar que o seu contido responde na súa estrutura aos mínimos requeridos e se axusta á MVT, previo a súa aprobación pola Comisión de título. Este proceso aparece recollido no informe de coordinación do curso 2020-2021.

Valórase que se dá unha óptima coordinación académica para desenvolver o plan de estudos e posibilitar a adquisición

de competencias por parte do alumnado.

Para a coordinación é relevante o papel da Comisión de título que se reúne de forma frecuente, con 17 reunións no curso 2020-2021, o que permite o intercambio de opinións aportando información para unha mellora da calidade do título, ademáis de abordar as cuestións académicas sobre as que é competente.

Importante é tamén o cometido tanto da Coordinadora do Practicum como a do TFG, que exercen funcións para tratar de homoxeneizar a labor das e dos titores, así como prestarlles apoio ante situacións non previstas, e que pode contribuír a obter un valor de 4,43 na satisfacción co Practicum por parte do alumnado, 4,86 polas titoras académicas, 4,17 por parte das e dos titores externos. Instrumentos que tamén contribúen á coordinación son a *Guía Académica do Centro* e o *Manual para o Practicum e o TFG,* que detalla contidos e procedementos tanto para do Practicum como do TFG accesibles aos distintos grupos de interese.

Do alumnado de novo ingreso, solicitou cursar estudos do Grao en traballo en primeira opción o 51,25%, a cifra máis baixa dos últimos cursos, e a nota media de ingreso é elevada para o curso obxecto de análise, 8,33 (IN06G) sobre 14, con valores de 8,486 para bacharelato e 7,831 para os procedentes de formación profesional.

No curso 2020-2021 a taxa de rendemento alcanza o seu valor máis alto (95,49%) superior á media da USC que é de 80,97%. A mesma situación prodúcese coa taxa de éxito que tivo un aumento progresivo, alcanzado neste curso o valor máis alto cun valor de 97,59%) sendo tamén superior á media da USC (87,92%).

En relación á taxa de avaliación, no curso 2020-2021 alcanza un valor de 97,85% sendo tamén o valor máis alto fronte ao 92,09% da media da USC.

Do valor destas taxas se pode concluír que as modificacións en canto á metodoloxía e sistema de avaliación incluídas nas guías académicas neste período por mor da pandemia, contribuíron aos altos resultados obtidos

A taxa de éxito dos egresados é de 96,51 (IN50CG) fronte a 93,08 do curso anterior sendo a taxa máis elevada dos últimos 5 cursos.

A media global da satisfacción do alumnado coa docencia recibida no período analizado é de 4,04. A participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida é de 43,56% (IN48G) polo que ven a consolidarse o incremento deste valor nos últimos catro anos
A satisfacción media do alumnado coa docencia recibida, segue alcanzando un valor superior a 4. Destacar, neste curso, os tres aspectos máis valorados:

- cumprimento do calendario de desenvolvemento de contidos previsto antes da crise do Covid -19.
- resolución de dúbidas
- comunicación co profesorado.

Nos distintos índices de satisfacción contemplados para os grupos de interese os datos obtidos son superiores maioritariamente a 4 e non hai ningún resultado inferior a 3 (sobre máximo 5) polo que se valoran positivamente estes resultados

Cómpre sinalar dos datos proporcionados no informe EIL ACSUG 2020-21, como aspectos moi positivos, que o 90,63% das persoas consultadas traballaban nese momento e que o 95,83% das que traballaban realizaban funcións específicas da titulación

Todas elas manifestan que volverían a estudar o grao na mesma universidade, polo tanto, neste centro. Do que se pode inferir unha gran satisfacción coa docencia recibida.

| Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado |
|---|
| Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque. |
| Aspectos a contemplar:<br>• Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:<br>o Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).<br>o Admisión do alumnado (acción de captación).<br>o Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.<br>o Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional.<br>o Mobilidade.<br>o Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)<br>o Avaliación da aprendizaxe<br>o Prácticas externas.<br>o Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).<br>o Resultados da aprendizaxe nas materias do título.<br>o Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br><br>O centro cumpriu a normativa vixente e realizáronse as modificacións oportunas para axustarse á nova regulación académica nun contexto de pandemia, que afectaron á metodoloxía docente e sistema de avaliación. Neste sentido, o Practicum e o TFG desenvolvéronse en base ao disposto na regulación establecida pola USC.<br>Por parte do centro elaboráronse e/ou aprobáronse os documentos propios , nos que se recollen as especificacións sinaladas na normativa da USC.<br><br>Na propia páxina web, dentro do apartado de normativa, incorpóranse as actualizacións que afectan á Titulación e aquelas cuxa difusión foi considerada de interese.<br><br>En canto á difusión e tarefas para dar a coñecer a titulación, as campañas de divulgación e o interese pola mesma inflúen na progresiva suba dos valores da taxa de ocupación, sendo no curso 2020-2021 de 101,25 (IN12G).<br><br>Para o alumnado matriculado no tíutlo, o Centro ofertou como complementos de formación dirixido ao seu alumnado:<br>• Curso Cero: Guía para a presentación de traballos académicos (establecido na MVT 2017)<br>• Xornada de Protección de datos de carácter persoal.<br>• Historia Social Única Electrónica.<br><br>O primeiro día lectivo do curso desenvolveuse o *Programas de acollida e apoio ao alumnado.* O equipo directivo, xunto co Coordinador de Grao, o Coordinador de 1º Curso, o profesorado, os representantes do persoal de administración e servizos e os representantes do alumnado titor, participou nunha xornada de benvida ao alumnado de novo ingreso. Informando de diferentes aspectos en relación coa universidade e o centro (itinerario formativo, trámites, instancias, etc.) tal e como se contempla na MVT17 |

Repecto aos programas de mobilidade, hai que ter en conta que o curso 2020-2021, segundo ano de pandemia, a situación epidemiolóxica influíu negativamente na intención do alumnado de participar nestes programas. Salvo un alumno Erasmus, o resto dos alumnos admitidos nos distintos programas renunciaron á súa estancia.

O Centro participou no *Programa A Ponte* da USC, que inclúe o *Programa de Titores.* O alumnado admitido no Programa de Titores (2 alumnas, no curso 2020-2021) recibe formación específica por parte da USC. Ademais do apoio prestado polo alumnado participante no programa, o persoal de secretaría, administrativo e docente proporciona información e orientación académica. Tamén hai un folleto propio sobre o centro e a titulación, un folleto específico sobre o servizo de Biblioteca e a Guía Académica da titulación, de acceso ao público a través da web do centro.

En canto ao desenvolvemento do curso 2020-2021 cabe señalar que, as medidas sanitarias preventivas establecidas pola situación derivada do COVID-19, motivaron que moitas entidades e servizos que ofertaban habitualmente prazas de prácticas, decidiran non facelo para o curso 2020-2021 ou ofertasen un número reducido de prazas. A oferta final foi de 146 prazas vinculadas aos 137 convenios vixentes para 65 alumnos/as. Cada ano ofértanse un número de prazas moi superior ao alumnado matriculado no Practicum (2,2 prazas por alumno/a).

A taxa de rendemento é a máis alta das acadadas desde a implantación do grao. Sendo no curso 2020-2021 o valor máis alto (95,49%).

A taxa de avaliación é tamén a máis alta en relación aos cursos anteriores, acadando un valor do 97,85%.

A taxa de éxito nos últimos 2 cursos académicos, 2019-2020 e 2020-2021, aumentou notablemente con respecto aos anos anteriores, representando 97,23% e 97,59% respectivamente, un indicador moi positivo na avaliación do rendemento xeral dos estudantes, reflectindo, como na taxa de rendemento, unha boa efectividade da titulación dos estudantes e da institución en relación á actividade académica, aínda que resulta dificil a interpreteación destes resultados, tendo en conta que mudou o sistema de avaliación, por mor da pandemia, na maioría das materias, levándose a cabo por avaliación continua.

A satisfacción media do alumnado coa docencia recibida, segue alcanzando un valor superior a 4 sendo este o valor maioritario nos indicadores vinculados a este grupo de interese.

No curso 2020-2021 matriculáronse no materia de Traballo de Fin de Grao 73 persoas das cales defenderon o seu traballo 61 persoas, 5 na convocatoria de febreiro, 39 en xuño-xullo (1 do Curso Ponte), e 18 en setembro. O 83,56% do alumnado matriculado no TFG defendeu o seu traballo en algunha das tres convocatorias do curso.

Como consecuencia da situación derivada da COVID-19 a USC prorroga o establecido no curso anterior o desenvolvemento dos TFG no curso 20-21. No primeiro cuadrimestre a defensa dos traballos foi unicamente telemática en tanto que no 2º cuadrimestre producíronse algunhas modificacións. A presentación e defensa do TFG realizouse tanto por medios telemáticos (a través da plataforma MS TEAMS) como presencialmente, e contemplaronse dúas modalidades:

- defensa diante dun tribunal (nota máxima 10)
- defensa diante do titor/a (nota máxima 8,5)

A defensa ante tribunal foi obrigatoriamente presencial, a defensa ante titor/a puidose facer tanto presencial como telemáticamente.

## Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
    - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
    - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
    - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
    - Formación do profesorado e mobilidade.
    - Actividade investigadora.
    - Detección de necesidades de persoal académico.

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
    - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
    - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
    - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
    - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Escola Universitaria de Traballo Social comenza o curso 2020-21 cun total de 13 profesores, sin cambios respecto ao curso anterior no número de docentes, pero con cambios na dedicación, xa que se incrementou nunha persoa as que teñen dedicación completa (8 frente ás sete do curso anterior) e 5 con dedicación parcial (6 no 2019-20). O número de doctores é de 8, 5 con dedicación completa (o 62,5%) e 3 con dedicación parcial. O 100% dos/as contratos dos/as docentes son indefinidos. Aínda que a ratio de estudantes por profesor a tempo completo ten mellorado sensiblemente (34,5 no 2020-21 frente ó 43,1 do 2019-20), non alcanza os valores establecidos no *Real Decreto 822/2021, de 28 de septiembre, por el que se establece la organización de las enseñanzas universitarias y del procedimiento de aseguramiento de su calidad* (25 estudantes por profesor/a a tempo completo), aínda que na normativa establécese un periodo de cinco anos para a adaptación á norma. Conscientes da necesidade de adaptar as ratios profesorado/alumnado, incluiuse no Informe para a Acreditación do Título 2022, unha acción de mellora orientada a un incremento gradual do número e adicación do profesorado, concretamente unha contratación dunha persoa máis a tempo completo para o curso 2022-23 e incorporacións progresivas nos cursos seguintes ata unha adaptación correcta á normativa. As tarefas incorporaranse como Accións de Mellora nos respectivos Informes de Seguimento.

O perfil académico do profesorado considérase idóneo, cunha ampla traxectoria docente para o conxunto (O 53,8% supera os 15 anos) e un 46,2% que posúe unha dobre titulación, é dicir, son titulados en Traballo Social con outra titulación engadida.

A satisfacción do profesorado coa docencia incrementouse catro puntos respecto aos datos do 19-20, aínda que está dezaoito puntos por debaixo do dato para o 2018-19. Estos resultados teñen que ver coas situacións excepcionais vinculadas á pandemia, con novas modalidades de docencia e avaliación que esixiron un importante esforzo e unha carga de traballo engadida para adaptar os materiais á nova situación. É previsible que en próximos cursos, cando a presencialidade permita a volta as condicións de partida, mellore tamén a satisfacción coa docencia.

O número de persoas na categoría de persoal de apoio non sufriu variacións: 6 persoas, tres con dedicación completa e tres con dedicación parcial, coas mismas categorías salariais que no curso 2019-20. O seu índice de satifacción baixou de 4,25 no 2019-20 a 3 no 2020-21, aínda que o dato debe ser valorado tendo en conta que unha única persoa respondeu á enquisa.

Todo o personal réxese, tal e como se recolle na MTV polo *Convenio Estatal para os Centros de Educación Universitaria e Educación*, XII no momento de elaboración da Memoria e XIII na actualidade (BOE Nº 8 de martes 9 de xaneiro de 2007 e BOE Nº 174 do sábado 21 de xullo de 2012 respectivamente).

## Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
  - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
  - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
  - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
  - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento…) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado…) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalación onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No remate do curso 2019-2020 e cara ao inicio do curso 2020-2021 a EUTS elabora e aproba o 30 de xullo de 2020 en Xunta de Centro un Protocolo de Hixiene e Prevención contra a COVID-19. Dito protocolo se aproba como un documento aberto que se vai actualizando ao longo do curso en función da normativa das autoridades sanitarias e instrucións da USC vinculadas á evolución da pandemia, e contempla as medidas a implementar no Centro para garantir unha docencia presencial segura.

A posta en marcha do Protocolo implicou unha importante inversión económica en medios materiais para o inicio do curso 2020-2021, fundamentalmente en:

- Adecuación dos aseos
- Dotación de mamparas
- Sinaléctica no centro
- Dispensadores de xel hidroalcohólico
- Carteis informativos
- Adecuación e dotación Aula Covid
- Kits de desinfección
- Mascarillas para o persoal do Centro

Fíxose unha reorganización de espazos, tanto aulas como despachos e oficinas para garantir as medidas de distancia social e demáis medidas sanitarias necesarias.

Ao iniciar a docencia en Escenario 2 (semipresencial), o orzamento para recursos materiais foi destinado maioritariamente para o acondicionamento da docencia interactiva no centro e medidas COVID.

Rematouse o proceso de dixitalización de impresos de todos os procesos administrativos do Centro que o alumnado pode descargar da web propia. En consideración á menor presencia física do alumnado no centro, intensificouse, a través da web propia e do correo electrónico a comunicación, a información e o asesoramento a este desde todos os servizos.

Como todos os cursos académicos, o Centro programou a Sesión de Acollida e información para o alumnado de novo ingreso de xeito presencial. Para cumprir coas medidas de prevención contra a COVID 19, dividiuse ao grupo en función do seu apelido e convocouse ao alumnado en dúas sesións, o primeiro día das clases presenciais. Ademáis da información habitual do funcionamento da USC e do Centro, servizos etc fíxose fincapé nas medidas establecidas no protocolo de prevención e hixiene fronte a COVID 19 incidindo naquelas que lles afectaba máis directamente (entrada e saída ao centro, rexistro do alumnado na aula, como actuar en caso de ter síntomas ou ser positivo/a etc., sistema de avaliación, metodoloxía docente. etc)

Dada a importancia das medidas establecidas no protocolo para unha docencia segura considerouse fundamental garantir que todo o alumnado de grao recibise esta información. Para alcazar dito obxectivo programáronse dúas sesións informativas dirixidas ao alumnado que continuaba estudos, sobre o comenzo de curso (unha para 2º e 3º e outra para 4º e Curso Ponte), a través da plataforma MSTeams. Nelas, ademáis de presentar o Protocolo COVID 19 do centro se lles informa cómo se ía a desenvolver a docencia, normas para o acceso ao centro e as aulas, rexistro, normas de seguridade e sanitarias aplicables, cómo actuar en caso de encontrarse enfermo/a no centro, proceso de avaliación das materias, etc

En relación ás prácticas externas, continuose coas xestións para ir actualizando os convenios de prácticas e asinando novos convenios de cara á ampliación da oferta. No curso 2020-2021 actualizouse a relación de convenios en vigor coa sinatura de 25 novos convenios propios.

Os servizos e institucións onde o alumnado realiza prácticas externas son adecuados para a adquisición de competencias viculadas ao Practicum. Esto vese refrexado nos Informes de valoración emitidos polos/as titores/as externos así como nas cualifacións finais obtidas polo alumnado. Por otra banda, os valores das enquisas de satisfacción de alumnado, titores/as externos/as e titoras académicas son altamente satisfactorios (4,43 do alumnado, 4,17 titores/as externos/as e 4,86 titoras académicas).

En relación á satifacción respecto aos recursos educativos e infraestruturas, os valores oscilan entre 3,22 para os recursos materiais e infraestruturas, recursos educativos 3,89 e o campus virtual – portal do estudante con un 4,0.

A Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais, entidade xurídica titular da EUTS continúa a súa política de apoio ao estudantado do Centro con Axudas ao Estudo que convoca anualmente para apoio ao coste da matrícula no centro: Bonifica ao alumnado que concorre a programas de mobilidade nas cotas dun cuadrimestre e convoca en cada cuadrimestre a bolsa de apoio á Aula de Informática.

## Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
  - Recollida, análise e utilización da información.
  - Publicación da información
  - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A web propia da EUTS é a canle principal para a difusión da información. Esto implica que hai información de acceso libre e outra á que se accede mediante chave, o que garante, á comunidade académica, cumprir coa normativa de protección de datos de carácter persoal. En momentos nos que parte da docencia se realizaba en remoto foi fundamental para facer chegar a información tanto de natureza académica como administrativa a todos os grupos de interese. Ao o que se suma o envío de correos electrónicos ao/s grupo/s de interese que corresponda, cando polo contido se valora relevante reforzar a súa difusión.

Á vía web ,súmase á información difundida nos taboleiros físicos distribuídos nas dependencias do centro.

Respecto á web, ademáis dos contidos informativos dirixidos ao alumnado, contémplanse tamén espazos para os egresados e para os futuros potenciais estudantes (solicita unha visita para coñecer o noso centro).

Información relativa a cuestións académicas relevantes son postas en común no apartado de *rogos e preguntas* nas reunións ordinarias do órgano colexiado Comisión de título. Posteriormente disto deixase constancia e ponse en oñecemento da comunidade académica do centro a través das actas do citado órgano que se publican no taboleiro da secretaría do centro e no taboleiro virtual.

